

ACTA Nº 46/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González
D. Daniel Rodas Chapela
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 26 de outubro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se presentan actas a aprobación.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 194/09 – D. CÁRLOS VILLAR MARIÑO e D.^a MARGARITA ISABEL FERRADÁS VERDEAL, presentan proxecto básico de vivenda unifamiliar a situar no barrio de Verdeal-Domaio, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado na data 24.08.09,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR(OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Non procede a súa construción en tanto non sexa presentado o proxecto de execución.
Queda subsanado o plano número 2 por outro de idéntica numeración visado plo COAG con data de 22/10/2009.

O proxecto cumpre coa Normativa do habitat de Galicia.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 8 de outubro de 2009 para Ordenanza 2.

Non require informes sectoriais.

Se cede 26,85M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Se constitúe fianza por un importe 481,55 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 351,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestructuras correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985,polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	2.722,00 €
Taxas licenza urbanística.....	340,25 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Conexión sumidoiros	180,00 €

2.B) EXPTE. 190/09 – D. CÁNDIDO FERNÁNDEZ RÚA, presenta proxecto básico e de execución para restauración de cuberta nunha vivenda unifamiliar situada no barrio de Ribeira, Meira, nos Barreiros nº 2j9, redactado pola arquitecta D.^a M^a Dolores Blanco Pouso, visado na data 19.08.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: RESTAURACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza.

Non require informes sectoriais.

Queda condicionada a execucións dos faldóns de cuberta a partir dende o nivel determinado polo último forxado de acordo coas ordenanzas das NN. SS. de Planeamento Municipal.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....454,99 €
Taxas licenza urbanística..... 65,00 €
Cartel de obra..... 110,00 €

2.C) EXPTE. 206/09 – D. MANUEL GAYO DEL RÍO, presenta proxecto de conservación de cuberta de vivenda unifamiliar sita no barrio de Couso, núm. 31, Meira-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yález, visado o día 28.09.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE CUBERTA(OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza otorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto así como a interposición de tableiro tipo sandwich que soporta a nova tella mixta coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saude.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....182,53 €
Taxas licenza urbanística..... 65,00 €
Cartel de obra..... 110,00 €

2.D) EXPTE. 205/09 – D^a. AGUEDA FANDIÑO MOREIRA, presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar sita na Avda. Porta do Sol, núm. 94, do barrio de Ribeira, Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o día 09.10.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación en vivenda definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na restauración parcial dunha obra fora de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sin incrementado do valor de expropiación nin mais consolidación que o reforzo parcial cando as obras estan afectadas por sistemas xerais, se posicionen en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co oligado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	207,48 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.E) EXPTE. 69/09 – D^a. MARÍA DEL CARMEN PAREDES RIVAS, presenta proxecto básico para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Sabaceda, Moaña, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., sendo os arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan A. Fernández Martínez, e o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 16.04.09,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 21 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO:BASICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico, non edificable en tanto non se presente proxecto de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 22 de setembro de 2009 para Ordenanza 2.

Cumple coas Normas do Hábitat si se condiciona coa presentación do proxecto de execución a introducción na zona de almacenaxe de utensilios de mantemento da parcela dun acceso directo a mesma substituindo a fiesta por unha porta.

No expediente consta escritura pública de arrimo.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo de Infraestructuras do departamento territorial correspondente.

Se cede 45,15M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Se constitúe fianza por un importe 600 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 344,00metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	1.780,29 €
Taxas licenza urbanística.....	222,54 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Conexión sumidoiro.....	180,00 €

2.F) EXPTE. 169/09 – D. GERARDO COUSO CHAPELA, presenta proxecto de legalización de vivenda unifamiliar, sita no barrio da Paradela, núm. 2, redactado polo Estudo de Arquitectura Urbanismo Morrazo, S.L.P, sendo os arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e Juan A. Fernández Martínez, visado o día 11.08.2009, co obxecto de legalizar o expte. 02/09 de Reposición da Legalidade urbanística,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: LEGALIZACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR(OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto para a legalización do expediente de reposición da legalidade 02/2009.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 1 de outubro de 2009 para Ordenanza 2.

Non require informes sectoriais.

Se cede 00,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Se constitúe fianza por un importe 00,00 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario..

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 428,30 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	997,28 €
Taxas licenza urbanística.....	124,66 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Conexión sumidoiro.....	180,00 €

3.- CERTIFICACIÓN Nº 3 DA OBRA “INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO CASAL-MOAÑA”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 3 da obra “INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO CASAL-MOAÑA”, presentada pola empresa COMPOSAN, CONSTRUCCION, S.A., de data 30 de setembro de 2009, asinada polo director de obra D. José Luís Domínguez González. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 26 de outubro de 2009, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e por entenderse as obras efectivamente executadas.

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 3 da obra “Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal-Moaña”, de data 30 de setembro de 2009, polo importe de 50.721,29 €.

Terceiro: Aprobar a factura nº 9009200735, do 14 de outubro de 2009, de COMPOSAN, CONSTRUCCION, S.A. polo importe de 50.721,29 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.62201.

4.- CERTIFICACIÓN Nº 5 E 6 DA OBRA “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REIBÓN”.

Dáse conta da certificación nº 5 e 6 da obra “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REIBÓN” presentada pola empresa CONSTRUCTORA EDISERPO S.L., asinada polo director de obra D. José Manuel Carballo Moldes, por importe de 12.420,19 euros e 27.528,02 euros respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 26 de outubro de 2009, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e por entenderse as obras efectivamente executadas.

Segundo: Aprobar a certificación nº 5 da obra “Reforma do Pavillón Polideportivo de Reibón” de data 30 de setembro de 2009, por importe de 12.420,19 € e certificación nº 6 da obra “Reforma do Pavillón Polideportivo de Reibón” de data 15 de outubro de 2009, por importe de 27.528,02 €

Terceiro: Aprobar a factura nº 150/2009, de CONSTRUCTORA EDISERPO S.L., de data 8 de outubro de 2009, polo importe de 12.420,19 euros, factura nº 151/2009, de CONSTRUCTORA EDISERPO S.L., de data 15 de outubro de 2009, polo importe de 27.528,02 euros recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.63202.

5.- CERTIFICACIÓN Nº 5 DA OBRA “REURBANIZACIÓN DA RÚA AS BARXAS”.

Dáse conta da certificación nº 5 da obra “REURBANIZACIÓN DA RÚA AS BARXAS”, presentada pola empresa PLYGEPE, S.L., de data 29 de setembro de 2009, asinada polo director de obra D. José Manuel Carballo Moldes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación nº 5 da obra “Reurbanización da Rúa As Barxas”, de data 29 de setembro de 2009, polo importe de 55.728,45 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 90.149, do 29 de setembro de 2009, de PLYGEPE, S.L. polo importe de 55.728,45 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61121.

6.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 26 de outubro de 2009, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal polas declaracións relativas aos ingresos brutos presentada polas empresas subministradoras S.A. Iberdrola, S.A., France Telecom España, S.A., e Endesa Energía, no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de certificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

***France Telecom España S.A(CIF A 82009812)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE BASE*0,015
TERCEIRO TRIMESTRE 2009	29.063,34	435,95

***Iberdrola S.A(CIF A48010615)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE BASE*0,015
SETEMBRO 2009	6.757,02	101,36

***ENDESA ENERGÍA S.A.U.,CIF A81948077(LIÑA DE NEGOCIO ELECTRICIDAD)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE BASE*0,015
XULLO 2009	1.831,84	27,48
AGOSTO 2009	2.124,22	31,86
SETEMBRO 2009	72,37	1,08
TOTAL	4.028,43	60,42

***ENDESA ENERGÍA S.A.U.,CIF A81948077(LIÑA DE NEGOCIO GAS BAIXA PRESIÓN)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE BASE*0,015
XULLO 2009	1.408,77	21,13
AGOSTO 2009	374,23	5,61

SETEMBRO 2009	1.827,93	27,42
TOTAL	3.610,93	54,16

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as contías das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de France Telecom España, S.A. por importe de 435,95 euros, Iberdrola, S.A. por 101,36 euros, ENDESA ENERGÍA, S.A.U (LIÑA DE NEGOCIO ELECTRICIDADE) por 60,42 euros, e ENDESA ENERGIA, S.A.U.U (LIÑA DE NEGOCIO GAS BAIXA PRESIÓN) por importe de 54,16 euros, polos períodos que se recollen no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

7.- AUTORIZACION ACOPIO MATERIAIS OBRA “REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”

Presentada solicitude pola empresa contratista, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., de autorización para acopio de materiais correspondentes á obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”

Visto o artigo 200.3 da Lei 30/2007: *“El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.”*

Visto o disposto no artigo 155 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas: *“El contratista tendrá derecho a percibir abonos a cuenta hasta el 75 % del valor de los materiales acopiados necesarios para la obra previa autorización del órgano de contratación que tendrá por único objeto controlar que se trata de dichos materiales y que se cumplen los siguientes requisitos:*

- a. Que exista petición expresa del contratista, acompañando documentación justificativa de la propiedad o posesión de los materiales.*
- b. Que hayan sido recibidos como útiles y almacenados en la obra o lugares autorizados para ello.*
- c. Que no exista peligro de que los materiales recibidos sufran deterioro o desaparezcan.*
- d. Que el contratista preste su conformidad al plan de devolución a que se refiere el apartado 4 de este artículo.*

...

4. La dirección de la obra acompañará a la relación valorada un plan de devolución de las cantidades anticipadas para deducirlo del importe total de las unidades de obra en que queden incluidos tales materiales.”

Á vista do aval depositado por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por importe de 70.881 euros, que responden 75 % do valor dos materiais acopiados da obra.

Vista a certificación emitida polo Director da obra onde se acredita que os materiais acopiados pola empresa cumpren todos os requisitos previstos no artigo 155 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Visto o plan de devolución das cantidades anticipadas por abonos a conta presentado pola Dirección de Obra, plan de devolución que conta ca conformidade da empresa adxudicataria.

A Xunta de Goberno, como órgano de contratación da obra e, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar o acopio de materiais solicitado por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., por importe de 70.881,10 euros a a incluír na certificación nº 1 da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”, autorizando o plan de devolución das cantidades anticipadas por abonos a conta, plan de devolución asinado pola Dirección de obras ca conformidade do contratista.

8.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA *PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO CUNCHAL. MOAÑA (PONTEVEDRA).*

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO CUNCHAL* remitido pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S.L. para o seu estudo e aprobación, redactado por D. Xose Manuel Carballo Moldes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO CUNCHAL, MOAÑA, (PONTEVEDRA).*

9.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA *PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ALBARIÑOS. TIRÁN. MOAÑA (PONTEVEDRA).*

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ALBARIÑOS, TIRÁN. MOAÑA (PONTEVEDRA)* remitido pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S.L. para o seu estudo e aprobación, redactado por D. Xose Manuel Carballo Moldes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ALBARIÑOS, TIRÁN. MOAÑA (PONTEVEDRA).*

10.- BAIXA VOLUNTARIA DUNHA TRABALLADORA.

Visto o informe do delegado de persoal do 26 de outubro de 2009, no que se indica que por escrito do 23.10.09, D.^a LUISA TATIANA JUNCAL RIOS, monitora a xornada completa de ximnasia para a terceira idade, solicita a súa baixa voluntaria con data

31.10.09 e propón que se dea de baixa a todos os efectos á traballadora con data de 31.10.09,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa á traballadora D.^a LUISA TATITANA JUNCAL RÍOS con data 31.10.09, segundo o informe, e trasladarlle o acordo á Intervención municipal, á asesoría La Social, e ao departamento de persoal.

11.- BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA CUBRIR SUBSTITUCIÓN E TRABALLOS EVENTUAIS DE CURTA DURACIÓN. LISTAS MÓBILES 2010-2011.

Vista a proposta de *BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DE CARA A CUBRIR SUBSTITUCIÓN E TRABALLOS EVENTUAIS DE CURTA DURACIÓN OU POR OBRA E SERVIZO DETERMINADO MEDIANTE UN SISTEMA DE ELABORACIÓN DE LISTAS PARA OS ANOS 2010-2011*, que textualmente di:

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DE CARA A CUBRIR SUBSTITUCIÓN E TRABALLOS EVENTUAIS DE CURTA DURACIÓN OU POR OBRA E SERVIZO DETERMINADO MEDIANTE UN SISTEMA DE ELABORACIÓN DE LISTAS PARA OS ANOS 2010-2011.

Sistema de Elaboración das Listas

Elaboraranse unha serie de listas móbiles, de cara á súa contratación polo Concello para cubrir baixas, substitucións e contratacións temporais por un período non superior a seis meses das seguintes categorías de traballadores:

- ADMINISTRATIVOS
- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS
- OFICIAIS ALBANEIS.
- OFICIAIS CANTEIROS
- OFICIAIS CARPINTEIROS.
- OFICIAIS XARDINEIROS.
- PEÓNS ALBANEIS.
- PEÓNS CANTEIROS.
- PEÓNS CARPINTEIROS.
- PEÓNS XARDINEIROS.
- PEÓNS DE LIMPEZA.
- CONSERXES.
- CHOFERES.
- MECÁNICOS.

Elaboraranse por tanto 14 listas, unha para cada categoría. A elaboración destas realizarase da forma seguinte.

1º) As listas serán elaboradas polo departamento de persoal, que manterá un período de 20 días naturais aberto, para que todos os que teñan interese en figurar nas mesmas poidan inscribirse, acreditando o seu curriculum con todos os méritos valorables para a categoría á que desexen optar.

2º) Transcorrido este prazo e pechado por tanto o período de inscrición, o departamento de persoal elaborará unha lista para cada categoría.

A Comisión de Baremación estará formada por:

- A Técnica Local de Emprego.
 - A orientadora laboral.
- Un membro designado a proposta do comite de persoal.
- O funcionario responsábel de Persoal, que actuará como secretario.

As listas estableceranse cos nomes dos inscritos por orde de puntos decrecente, é dicir, a persoa que máis puntos teña será primeira, a que lle siga segunda, e así sucesivamente para todos os inscritos en todas as listas. Os desempates entre candidatos con igual puntuación faranse aplicando en primeiro lugar o criterio de ingresos familiares per capita mais baixos, o maior número de persoas da unidade familiar dependentes e de persistir o empate, en terceiro lugar o criterio de antigüidade en situación de desemprego. Quedarían elaboradas desta forma as listas provisionais.

3º) As listas provisionais con toda as puntuacións, expóranse ao público no taboleiro de anuncios do Concello para darlle a maior transparencia posible ao proceso. Estarán expostas durante 10 días naturais, período durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que consideren oportunas.

4º) Transcorrido o período de alegacións a Comisión de Baremación elaborará as listas definitivas, que serán aprobadas pola Xunta de Goberno Local e novamente expostas ao público para coñecemento de todos os interesados.

5º) Este sistema de elaboración de listas, está pensado para que se elaboren nos dous últimos meses do ano. Comezarían a elaborarse o 1 de Novembro e estarían rematadas e publicadas as listas definitivas con anterioridade ao 30 de decembro, comezando a funcionar dende o 1 de Xaneiro do ano seguinte.

6º) As listas están pensadas para funcionar durante dous anos, desde o 1 de xaneiro de cada ano ata o 31 de Decembro do ano seguinte.

Durante o ano 2009, a elaboración das listas para os anos 2010 e 2011 seguirá o seguinte calendario:

26 de outubro: Aprobación das bases pola Xunta de Goberno Local.

30 de outubro: Publicación das bases no taboleiro de anuncios e de anuncio nun xornal de máxima difusión.

2 a 21 de novembro: Prazo para presentación de solicitudes e currículos.

Día 9 de decembro: Exposición de listas provisionais.

9 de decembro a 18 de decembro: Prazo de alegacións.

Día 28 de decembro: Aprobación en Xunta de Goberno Local das listas definitivas.

Día 30 de decembro: Exposición das listas definitivas.

Vixencia das listas: Dende o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2011.

Funcionamento das Listas.

Xa publicadas as listas definitivas o seu funcionamento será o seguinte;

1º) Cada vez que sexa necesario cubrir unha baixa, substitución ou contratación temporal de curta duración cubrirase esta coa primeira persoa da lista correspondente. Esta persoa permanecerá contratada durante todo o tempo que dure a baixa, substitución ou contratación temporal. Terminado o seu período de contratación pasará ao final da lista. Ao producirse outra necesidade de contratación, entrará o segundo da lista; terminado o seu período de contratación pasará tamén este ao final da lista. Así de forma sucesiva.

2º) O período de contratación de cada traballador terá unha duración igual á baixa ou substitución do traballador ao que substitúe. Nos casos de contratacións temporais de curta duración, a duración do contrato determinarase en función das necesidades do Concello, pero non podendo ser nunca superior a 6 meses. No caso de celebrarse contratos por obras ou servizos determinados, a duración do contrato será a que se derive da normal execución da tarefa encomendada e non se verá afectado polo límite fixado. Cando sexa previsible unha duración notoriamente superior aos seis meses, procederase á convocatoria de procesos específicos de selección.

3º) Desta forma as listas das distintas categorías irán correndo cara arriba, e os desempregados que xa cubriran unha contratación irán pasando ao final da lista. Se algunha lista se esgotase voltaríase a comezar polo principio.

4º) Cando un dos membros da lista entre a cubrir unha contratación e por calquera causa marche sen rematar o período de cobertura da mesma, o seu nome borrarase da lista.

5º) O chamamento aos integrantes da lista definitiva farase durante horario de mañá ao teléfono de contacto, do seu domicilio ou móbil, que cada un achegará coa documentación de inscrición. Cando non sexa posible contactar co candidato ao que lle corresponde a substitución, baixa ou contratación, este candidato manterase no mesmo posto da lista e chámase o seguinte. Cando o candidato ao que lle corresponde cubrir a substitución, baixa ou contratación renuncie ao posto ofertado, borrarase o seu nome da lista.

6º) No momento previo á contratación de cada candidato comprobarase que mantén a súa situación de desempregado. Deberá presentar declaración responsable de estar en situación de desemprego. Se xa non estivese desempregado non se procederá á súa contratación e pasarase o seu nome ao final da lista dese período.

7º) Aos contratados baixo este sistema de listas que non superen o período de proba contemplado no seu contrato, seralles rescindido o mesmo e pasarán ao final da lista.

BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN DE PERSOAL :

Para cada categoría existirán:

- a) **Bases Xenéricas.**
- b) **Bases Específicas.**

O cumprimento das bases xenéricas de cada lista será requisito imprescindible para poder incluírse nela.

Non será imprescindible estar parado no momento de inscribirse nas listas, pero si no momento de contratación. Se non estivese parado, chamarase ao seguinte da lista.

As bases específicas de cada categoría valoraranse ata un máximo de 10 puntos.

Os datos ou méritos aportados polos demandantes de emprego deben estar debidamente acreditados. Acreditaranse os méritos coa seguinte **documentación:**

- **Copia compulsada do DNI.**
- **Certificado de convivencia onde figure domicilio, e número de membros da unidade familiar (solicítase no Concello).**
- **Documento acreditativo do grao de minusvalía, se fose o caso.**
- **Copia compulsada de cada titulación ou curso que se presente. Os títulos ou cursos presentados, só teran validez, os impartidos ou homologados por Organismos Oficiais.**
- **Informe de vida laboral de data igual ou posterior ao inicio do período de presentación de instancias.**
- **Copia compulsada de contratos ou nóminas onde figure categoría, ou no caso de autónomos, da alta en autónomos e da alta no IAE.**
- **Copia compulsada da declaración de renda de cada membro da unidade familiar ou certificado de estar exento da mesma.**
- **Para o persoal de limpeza, (peóns), se fose o caso, fotocopia compulsada do carnet de conducir clase B e declaración xurada de dispoñer de vehículo, con indicación dos datos identificativos do mesmo.**

BASES PARA A LISTA DE ADMINISTRATIVO.

BASES XENÉRICAS:

- Ser español, nacional dos demais Estados membros da U.E. ou estranxeiro residente en España.
- Ser maior de 16 anos e menor de 65.
- Titulación de Técnico Superior en Administración e Finanzas ou equivalente.
- Demostrar experiencia mínima de 6 meses nesta categoría.

BASES ESPECÍFICAS:

- Estar en situación de desemprego, 0,12 puntos por trimestre completo ata un total de 1 puntos (a situación de desemprego comprobarase a través da vida laboral, computándose dende a última data de baixa na seguridade social con independencia da duración do último contrato)
- Por condición de minusválido, acreditada de xeito documental, sempre que non impida o desenvolvemento das tarefas do posto, 1 puntos.
- Cursos realizados relacionados coa función a desempeñar, impartidos, organizados ou homologados por organismos oficiais, ata un máximo de 3 puntos
 - Ata 40 horas0,20 puntos.
 - De 41 a 100 horas.....0,40 puntos.
 - De 101 a 200 horas.....0,75 puntos.
 - Mais de 200 horas.....1,00 puntos.
- Experiencia profesional no mesmo posto de traballo ou en outro similar, en empresa pública ou privada;

0,05 puntos por mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

- Ingresos familiares anuais per cápita inferiores a 6.326,86 euros (IPREM anual referido a 12 pagas) 1 punto.

-.-

BASES PARA A LISTA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO

BASES XENÉRICAS:

- Ser español, nacional dos demais Estados membros da U.E. ou estranxeiro residente en España.
- Ser maior de 16 anos e menor de 65.
 - Titulación de Técnico Medio en Xestión Administrativa ou equivalente.

BASES ESPECÍFICAS:

